





POLAS VÍCTIMAS, POLA CONSTITUCIÓN

¡ POLA DERROTA DO TERRORISMO !

# CEP "DA CRUZ" Camos - Nigrán

Revista Escolar Número 11. Abril 2004.

ESPECIAL : "OFICIOS TRADICIONAIS"




Este curso, o nº 11 da nosa Revista **"ANDAINA"**, vai ser un número especial, xa que pretende ser un **MONOGRÁFICO** que recolla os traballos efectuados polos nosos alumnos en relación ó proxecto didáctico sobre o estudio de **A NOSA HISTORIA** e **OS NOSOS OFICIOS TRADICIONAIS** que quixemos levar adiante -o Claustro e maila A.N.P.A- coa finalidade de dar a coñecer ó noso alumnado –e ó resto da Comunidade Escolar- os aspectos máis destacados da **Historia de Galicia** a partir das manifestacións histórico-culturais do **Val Miñor** (conscientes de que vivimos nun lugar privilexiado, cun patrimonio natural e cultural dunha enorme riqueza, que debemos coñecer, valorar e defender).

Quixemos centrarnos principalmente na evolución da vida cotiá dos homes e das mulleres como protagonistas do "teatro histórico" (vestido, alimentación, vivenda, manifestacións culturais...), o que nos permitiu enlazar, perfectamente, con outros dos centros de interese deste proxecto: **O ESTUDIO DOS OFICIOS TRADICIONAIS GALEGOS** (consideramos que dende a perspectiva da sociedade de consumo actual, era moi importante dar a coñecer ó noso alumnado outra realidade social na que a disciplina laboral, o espíritu de sacrificio e as dificultades para garantiza-la subsistencia eran unha realidade).

Estudiamos **OS NOSOS OFICIOS** facendo traballos de investigación ó respecto (previa consulta de bibliografía), organizando charlas de diferentes artesáns e culminando o proxecto cunha **mostra-exposición** que efectuaremos na Semana das Letras Galegas (adicada precisamente a Xoaquín Lorenzo "Xocas", estudioso dos oficios-), na que se exporán os traballos efectuados polos alumnos ó longo do curso e na que a nosa Comunidade Escolar (e outros centros escolares –ós que invitaremos-), poderán observar en vivo o traballo de especialistas nos diferentes oficios (mariñeiros e redeiras de Panxón e Baiona, cesteiros de Mondariz, afiadores de Ourense, tecedeiras de liño –grupo Eirada- e palilleiras, canteiros da nosa localidade...).

Neste ambicioso proxecto contamos co asesoramento do **Instituto de Estudios Miñoranos**, coa axuda económica do Concello de Nigrán, así como coa colaboración doutras persoas e entidades culturais que puxeron á nosa disposición os seus coñecementos sobre os diferentes temas, así como todo tipo de material etnográfico para a montaxe da nosa exposición. Ademáis queremos destacar a colaboración de pais e veciños que viñeron desinteresadamente ó centro para amosar ó noso alumnado diferentes aspectos sobre o seu oficio (cesteiros, mariñeiros...).

Queremos aproveitar a oportunidade que nos brinda esta Revista para agradecer profundamente –a todos eles- a súa desinteresada colaboración e desexar que esta experiencia, na que todos e todas puxemos tanto esforzo e tanta ilusión, sexa o inicio dun traballo colectivo a prol da nosa lingua e da nosa cultura.

O equipo de Normalización Lingüística.



## OBRAS DE TEATRO:

Os nenos e nenas de 3º estamos preparando unha obra chamada: “O SAL DO MAR”. É unha obra de sombras chinescas con personaxes moi divertidas e atrevidas. Hai un neno que fai de veciña e non se corta un pelo, e unha nena que fai de home –cousa que nos parece extraña pero tamén moi divertida-. É unha obra moi bonita. Non é unha obra de escacharrarse de risa pero tampouco de chorar. Divertímonos moito. Os que están detrás da sábana teñen que buscar o movemento axeitado. É unha obra “chula”, gústanos un montón e é moi emocionante.




Os nenos e nenas de 6º estamos ensaiando unha obra chamada “A ESTATUA ENCANTADA”. Pasámolo moi ben ensaiando, a pesares de que nos dá moito traballo. Vai dunha estatua que non se pode mover porque foi enfeitizada por un mago. Temos uns excelentes músicos. Hai unhas bailarinas-poetas que bailan moi ben. Hai unha fada moi guapiña que intenta que a estatua se mova e baixe a bailar. Na obra intentamos representar diferentes situacións empregando: sonidos de instrumentos feitos por nós, a danza e a poesía.

Así pois, nesta obra empregamos un recurso moi vanguardista no teatro chamado PERFORMANCE (consistente precisamente en unir nunha obra diferentes artes -neste caso a música, a danza, o teatro, a poesía e a expresión plástica-).

Imos representar as obras a finais de xuño, aquí, no colexio. Esperamos que todos veñades a velas.

# CEP DA CRUZ. Camos.
# LETRAS GALEGAS 2004

Como cada ano celebramos no noso colexio a **FESTA DAS LETRAS GALEGAS**.

No ano 1963 a **REAL ACADEMIA GALEGA**, a proposta de **Francisco Fernández del Riego**, declarou o **17 de maio** como o **DÍA DAS LETRAS GALEGAS** coa intención de revalorizar a maltreita e maltratada lingua galega.

Elixiuse esta data porque foi xustamente nese día no que **ROSALÍA DE CASTRO** adicou a Fernán Caballero a súa obra **"CANTARES GALLEGOS"**.

Esta celebración anual lévase a cabo ensalzando a figura e a obra de mulleres e homes destacados polo seu traballo na nosa lingua e dende entón véuselle adicando esta data a sucesivas figuras da nosa cultura, das que poderíamos destacar a **Rosalía de Castro, Castelao, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Alvaro Cunqueiro, Blanco Amor...**

A **FESTA DAS LETRAS GALEGAS** vai a máis cada ano, ó tempo que medra a estima pola **LINGUA GALEGA** entre a xente. O seu uso avanza na escola, nos medios de comunicación e nas institucións ata chegar á consideración de **lingua oficial e lingua propia de Galicia**.

Pero o traballo non está rematado. Cómpre un esforzo da nosa parte para axudar á conservación e uso dun dos nosos máis valiosos tesouros. A lingua propia do noso pobo, dos nosos antergos… **a nosa propia LINGUA**.

Para este ano que andamos a **REAL ACADEMIA GALEGA** decidiu homenaxear a **XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ**, máis coñecido como **XOCAS**.

# XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ
# “ XOCAS ”



Natural de Ourense, **Xaquín Lorenzo Fernández** –máis coñecido como **Xocas**- naceu o 23 de xuño de 1907. Na súa localidade natal estudia Educación Primaria e Bacharelato, e ten como mestre a Ramón Otero Pedrayo. Estudiou nas universidades de Santiago e Zaragoza especializándose en Historia. Traballou dando clases en Ourense, onde faleceu en 1989.



**Xocas** incorporouse ó ***<u>Grupo Nós</u>*** con **Risco**, **Cuevillas** e **Otero Pedrayo**, colaborando na **revista *“Nós”*** que dirixía Vicente Risco. **Xocas** sería un dos encargados da montaxe do **Museo Etnográfico** que desapareceu coa dictadura de Franco. Tamén foi membro do **Seminario de Estudios Galegos**, da **Real Academia Galega** e presidiu o **Padroado do Museo do Pobo Galego**.

Foi un dos **etnógrafos** máis importantes de Europa no seu tempo e un home de bo carácter. Perteneceu **Xocas** ó **galeguismo culturalista**, demostrando un especial interese pola **arqueoloxía**, pola **etnografía** e o **folclore** galegos.



Autor de ensaios fundamentais sobre o carro, os trebellos de labranza, ou parroquias do interior ourensán percorreu toda Galicia recopilando información para o seu libro ***“Etnografía. Cultura material”***, que é o volume 11 da ***“Historia de Galicia”*** dirixida por Otero Pedrayo.

En 1930 publicou –xunto con Florentino Cuevillas- o libro “Vila de Calvos de Randín”, e entre os seus traballos figuran tamén “Lápidas sepulcrales gallegas de arte popular”, “La casa gallega”, “Cerámicas castrexas pintadas”, “Las habitaciones de los castros”, “Vellas artes de pesca no río Miño”, “A casa; distribucións dos xugos na Galiza”, “Metamorfosis dunha casa castrexa” ou o “Cantigueiro popular da Limia Baixa”.



# SAÍDA A SANTIAGO

(Museo do Pobo Galego, Casco Histórico e Centro Galego de Arte Contemporáneo)





O día 21-10-2003 a totalidade do colexio fomos ó "**Museo do Pobo Galego**" que se atopa en San Domingos de Bonaval ( Santiago de Compostela). Alí hai varias salas ; cada unha delas adicada a un aspecto diferente da cultura tradicional galega. Unha guía ensinounos cada unha das salas :

- A primeira era a do mar . Ela explicounos que había embarcacións de vela como a Dorna, de remos como a Traineira, a Gamela, o Bote..., de motor grandes e pequenas... moitas e moi diferentes embarcacións segundo o traballo que facían e o número de tripulantes. Algúns destes barcos servían para estar moitos días no mar.

Despois explicounos algunhas artes de pesca e marisqueo, como o Raño e o Rastro, que serven para coller os percebes e tamén nos contou que para coser as redes precísanse agullas de madeira que son grandes e gordas .





- A segunda era a sala do campo . Alí atopamos as máquinas e apeiros empregados tradicionalmente para labrar o campo e para os oficios que antes había, como por exemplo os cabaqueiros ou telleiros que facían tellas , os zoqueiros que facían zocas e zocos, os canteiros que traballaban a pedra, os cesteiros, os oleiros, teares, traxes tradicionais, instrumentos musicais, os acibecheiros, prateiros e orfebres...

Por último a guía levounos a unhas espectaculares escaleiras de caracol; alí explicounos que eran únicas no mundo por estar tres ramplas diferentes no mesmo oco.





E así remata a maravillosa visita ó “Museo do pobo galego”.

Logo xantamos no mesmo Parque de Bonaval, un lugar moi bonito, e despois paseamos polo “Casco Histórico” ata chegar á Catedral de Santiago e o seu entorno.

Para completar a xornada, xa pola tarde, visitamos o **“Centro Galego de Arte Contemporáneo”**. Alí repartímonos en dous grupos. Mentres uns visitaban o Museo, outros, divididos por mesas, fixemos obradoiros de manualidades sobre o que queremos ser cando sexamos maiores e o que tiñamos en común os de cada mesa. Despois nós fomos a ver o Museo e o outro grupo traballou nos obradoiros.

Na primeira sala había unha exposición de moitas figuras de arcilla de homes e mulleres reais. Nas demais había fotografías e composicións gráficas sobre o Camiño de Santiago, da Catedral... e un mural con 1500 fotos de peregrinos e peregrinas.

E así remata a excursión a Santiago de Compostela.




Alumnado de 5º curso.

# HALLOWEEN 2003






# Receitas de Halloween

## Tarta Macabra



Collemos unha tarta de chocolate e enchémola de crema verde e cobertura de laranxa. Adornámola cunha boneca-bruxa ou co debuxo dunha caveira feita con azucre.





## Tarta Telaraña

Collemos un bizcoito redondo con cobertura branca.



Adornámolo con chocolate espeso facendo o debuxo dunha tea de araña.

## Madalenas sanguentas.

Facemos unhas madalenas, cubrímolas con crema branca e botámoslle un pouco de marmelo vermello para simular sangue.

Have a good appetite!!

# 1º Cabodano da catástrofe do "PRESTIGE"

Hai un ano por estas datas sufrimos a catástrofe ecolóxica do PRESTIGE.
Nesta situación dramática o pobo galego emerxeu do naufraxio demostrando ter grandes reservas de civismo e esperanza.
Diante da chamada de socorro do mar, saiu o mellor de nós...
Fronte a ineptitude do goberno xurden as ONDAS da CIDADANÍA e da CONCIENCIA POPULAR:
As NOVE ONDAS da fermosa tradición do mar, as NOVE ONDAS da fertilidade, da creatividade, da vida:





## A ONDA DA DIGNIDADE
A dignidade da xente que se ergueu.



## A ONDA DA MEMORIA
A loita contra o esquecemento.







## A ONDA DA VERDADE
Impedindo tapar o acontecido.



## A ONDA DA SOLIDARIEDADE
Exemplo histórico, inesquecible e internacionalista que tivo e ten a Galicia como escenario.

## A ONDA DA SEGURIDADE
Esixindo a protección da natureza e o benestar da nosa xente.





## A ONDA DA LIBERDADE
Movemento da sociedade civil que xurde esixindo os seus dereitos.

## A ONDA DO ORGULLO
Do amor ó noso chan e ó noso mar defendendo a nosa identidade creativa, positiva, ecolóxica e democrática.











## A ONDA CONSTRUCTIVA
Expresando a voz dun pobo que emerxe dos naufraxios.

## A ONDA DA ESPERANZA
Que evitou o afogamento dos nosos desexos dun futuro mellor.




**Xente libre de Galicia, solidarios e voluntarios de aquén e de alén.**
**Gracias por facerdes deste país un lugar no que paga a pena vivir e soñar.**

# Polo MAR e pola DIGNIDADE

**CEP DA CRUZ. Novembro 2003.**

# FESTA DE NADAL 2003:



Este curso o Festival de Nadal estivo presentado por Alen e Miriam

Como estamos traballando OS OFICIOS TRADICIONAIS GALEGOS (cesteiros, tecedeiras, oleiros, mariñeiros, cabaqueiros...), quixemos aproveitar este acto de Nadal para representar algúns destes artesáns ofrecendo o producto do seu traballo ó Neno que acaba nacer; aproveitando tamén para expresar os nosos desexos dun mundo máis xusto, máis pacífico e solidario, cousa que quedou patente nas Cartas ós Reis que fixeron os diferentes cursos (das que recollemos algunhas).











*CARTAS ÓS REIS MAGOS:*

*Queridos Reis Magos:*
*Somos os nenas e nenos de 1º do Colexio de Camos. A nosa profe di que somos moi traballadores e que nos portamos moi ben. Na casa tamén somos bastante bos iaínda que as veces somos un pouquiño mimosos e caprichosos...!*

*Queremos pedirvos uns cantos agasallos, pero non demasiados, porque inon queremos que ningún neno do mundo se quede sen xoguetes!:*

- *Carolina quere un robot-pantera.*
- *Xesús unha mascota-dragón.*
- *Mar unha Barbie que fai pocións.*
- *Laura unha gaiola para o seu hamster.*
- *E Ánxela un gatiño peludo que miañe coma os de verdade.*











*Maxestades, tamén quixeramos pedirvos que fagades algo:*

- *Para que non haxa fame, nin pobreza, nin guerras, nin violencia.*
- *Para que non contaminemos a natureza.*
- *Para que exista a xustiza, a paz, a solidariedade... ¡e tamén a felicidade!*












*Agardando que podades cumprir tódolos nosos desexos, mandámosvos ¡moitos, moitos bicos!*



*Benqueridos Reis Magos, Queridísimas persoas:*

*Somos as nenas e nenos de 2º do CEP DA CRUZ.*

*Escribímosvos para pedir:*

- *PAZ NO MUNDO,*
- *NON MÁIS GUERRAS,*
- *NON MÁIS PELEXAS,*
- *NON MÁIS MALOS TRATOS,*
- *NON MÁIS INSUSTIZAS,*
- *QUE SE RESPECTE A NATUREZA,*
- *QUE TÓDALAS PERSOAS DO MUNDO TEÑAN COMIDA, ABRIGO, CALZADO E VIVENDA.*
- *NON MÁIS ACCIDENTES DE CIRCULACIÓN.*
- *NON MÁIS BARCOS AFUNDIDOS NIN MÁIS MAREAS NEGRAS.*
- *QUE SEXAMOS FELICES NUN MUNDO MELLOR.*

*¡MOITAS, MOITAS GRACIAS!*



*Queridos Reis Magos:*

*Somos os nenos e nenas do 3º Ciclo do Colexio de Camos. ¿Que tal estades? Nós estamos moi ben, desexando que cheguen pronto as festas do Nadal.*

*Este ano non imos facer a típica carta de petición de agasallos para todos nós, senon que queremos reflexionar sobre unha serie de cousas nas que deberiamos investir máis tempo e cartos, por exemplo en...*

- *Acabar coas guerras no mundo (que Bush non implique a ningún outro país en guerras que son só súas). Os cartos investidos nelas poderían dedicarse á investigación para superar enfermidades coma a sida, o cancro...*
- *Eliminar a fame e a pobreza do planeta -facilitándolles vivenda, comida e roupa ás persoas necesitadas- (os gobernos deberían poñer os pés na terra e distribuir as riquezas de forma equitativa –para que ningunha nena teña que ser cambiada por unha lavadora-).*
- *Loitar pola defensa do medio ambiente –procurando que as nosas costas non volvan a estar contaminadas- (obrigando ós países que desobedecen as normas de navegación a que revisen os seus barcos).*
- *Acabar coa violencia de xénero (que dunha vez por todas se escoiten os berros das mulleres maltratadas e que ningún maltratador quede sen castigo).*

- *Acabar co terrorismo e o tráfico de drogas.*

*Sabemos que son demasiadas cousas ás que vos pedimos, pero esperamos que poidades concedernos algunhas delas.*

*¡Un bico moi forte!.*

Ademáis, os nenos e nenas de 5° e 6° interpretaron unha preciosa panxoliña con coreografía representada polos alumnos/-as de primeiro:





*Chorica o neniño*
*na chouzana fría.*
*O vento salaia*
*por entre das vigas.*

*- Cala meu anxiño.*
*Cala, que o meu colo*
*che dará aloumiño.*
*Na chouzana branca*
*fita a lúa fría.*





*Falorpas caladas*
*sementan feridas.*

*- Cala, que o meu colo,*
*anxiño, na noite*
*che levará arrolo.*

*Non cala o meu neno.*
*A fame maldita*
*nen na Noiteboa*
*pode ser bendita.*

*Non cales, anxiño.*
*Berra, que prá fame*
*non hai aloumiño.*

## *DANZAS DE NADAL:*

*Completámo-lo acto cunhas estupendas danzas de Nadal. 2° curso interpretou "Merry Christmas", 3° "Jingle Bells Rock" e 6° "Happy Christmas".*







# 30 DE XANEIRO. DIA DA PAZ.

## Pola resolución pacífica dos conflictos.




Este ano o día da Paz dedicámolo a un dos pacifistas máis destacados que deu a humanidade MOHANDAS KARAMCHAND GANDHI:

*Ghandi nace na India o 2 de outubro de 1869. O seu pobo (pola súa bondade e humildade) concedeulle o nome de "MAHATMA" –que significa "alma noble, alma grande"- e o título de "PAI DA NACIÓN".*

*Realizou en Londres os seus estudios universitarios. En 1893 aceptará un contrato de traballo –como avogado- en Sudáfrica; alí había moitos inmigrantes asiáticos que eran tratados -polos blancos europeos- como persoas inferiores, sufrindo toda clase de humillacións e maltratos por parte da policía. Ghandi permanecerá vinteun anos en Sudáfrica loitando polos dereitos do pobo hindú (empregando un método moi especial de loita que foi a desobediencia civil e a resistencia sen violencia).*



*En 1915 Ghandi regresou ó seu país (que daquela era unha colonia británica), dedicando o resto da súa vida á loita por liberar a súa patria, por conseguir a independencia do seu país -empregando o mesmo método de desobediencia civil e resistencia sen violencia que empregara en Sudáfrica-. Ghandi sempre defendera a idea dunha India unida onde hindús e musulmáns poidesen vivir en paz; precisamente por defender estas ideas, morreu asesiñado por un fanático dun grupo radical o 30 de xaneiro de 1948.*

*Ghandi foi un personaxe admirable, un dirixente que actuou coa máxima austeridade, sinxeleza e modestia; non tiña a menor ambición por cargos, nin por diñeiro, nin por honores. Non só amou e loitou polos pobres, senón que viviu coma eles e entre eles, demostrando coa súa práctica que é posible a convivencia entre os distintos pobos e culturas e a práctica da PAZ e da NON VIOLENCIA.*




Ademáis quixemos que os nosos alumnos coñecesen algúns aspectos da cultura hindú; estabamos especialmente interesados en que ós nosos alumnos coñecesen este fascinante país porque este curso tivemos a sorte de ter matriculados dous nenos hindús:.

Amol  e Milán 

Concretamente os nenos e nenas de 5º deleitáronnos interpretando un raga da India.




Ademáis invitamos ó cole a Pablo, un inmigrante uruguaio que nos emocionou a todos contándonos a súa experiencia persoal (ademáis de darnos unha auténtica lección de historia e sociedade).

Os rapaces e rapazas de 2º prepararon -con moito cariño- as bandeiras de Uruguai e de Galicia que presidiron a mesa do invitado).




Bruno presentou ó noso invitado e Lis introduciu a charla falando previamente do tema de emigración. ¡Foi un acto moi emotivo e moi didáctico!







# 11-M

As nenas e nenos, o profesorado e o resto da comunidade educativa do noso centro quedamos moi afectados e impresionados polo terrible atentado do 11 de marzo en Madrid. Por iso consideramos imprescindible sumarnos ás manifestacións de repulsa e dor que se estaban dando en todo o do país.



O 12 de marzo celebramos no colexio un emotivo acto-homenaxe ás víctimas do atentado coa finalidade de que o noso alumnado tomase conciencia de que A VIOLENCIA SEMPRE XENERA VIOLENCIA e de que só a través da convivencia pacífica e da solidariedade poderemos construir un mundo mellor.





# ENTROIDO 2004

O día 20 de Febreiro celebramos (como tódolos anos) o entroido no “Colexio Público de Ensino Primario da Cruz”.

Empezamos despois do recreo as 12:30, porque tivemonos que vestir.

Primeiro, fixemos cada curso un desfile. Aquí tedes algunhas das fotos:





Despois, repartíronnos uns paquetes de caramelos a cada neno e nena:





Puxéronnos música e bailamos un pouco. Tamén xogamos.





# NATURNOVA

O 13 de febreiro os alumnos e alumnas de 2º e 3º Ciclo, fomos visitar o Centro Interactivo de Educación Medioambiental Naturnova de Vigo.

Ó chegar, Nieves, que é amiga da nosa titora, expricounos as normas do Centro: non se podía correr, nin fuchicar moito nos aparatos, había que respectar os turnos...





A primeira actividade na que participamos foi entrar no submarino. Nada mais entrar, déronnos unhas gafas coas que pareciamos "Manolito Gafotas," e con elas vimos imaxes da profundidade da ría.



Nos restos dos lalores podiamos malipular diferentes ordenadores con actividades e xogos sobre a natureza.






O final deronnos un impreso para cubrir, co que conseguimos un divertido boli de auga. Foi un dia estupendo no que aprendimos algunas cousas novas sobre a natureza.








# REFRÁNS

1. Por Santiago e Santa Ana, pintan as uvas e as granas.

2. Si en Xullo chove, renace a herba e o trigo morre.

3. Cando chove por San Xoán, quita viño e non da pan

4. Ceo limpo en Xuño, de cereais gran fortunio.

5. Coas augas de Maio, medra o tallo.

6. Abril concluido, inverno ido.

7. Abril aguas mil, si non é ó principio, ó medio ou ó fin.

8. Mira con cara risoña, por San Blas, á cegoña.

9. De sabios é cambiar de opinión.



10. Do oído nada, e do visto a mitade da mitade.

11. Cando en Decembro moito chove, bo ano move.

12. Quen non duda, non sabe cousa algunha.

13. A choiva de Abril carga o carro e o carril.

14. Marzo nuboso, Abril chuñoso, fan a Maio bonito e fermoso.

15. Por San Xoán a sardiña pinga no pan.

16. Gasta en festas e viño o que lle teñas que deixar ós sobiños.

17. Disfruta, come e bebe que a vida é breve.

18. Máis vale prever que lamentar.

19. Nunca choveu que despois non amainara.

20. A Deus rogando e co mazo dando.

21. Seco Xaneiro, abundante graneiro.

22. Quen en Marzo non pode a súa viña, perde a vendimia.



NENOS E NENAS
DE 6º CURSO

# OS OFICIOS TRADICIONAIS.**CABAQUEIROS.**







"O traballo das mulleres" (llegas)
As mulleres compartían cos homes os traballos, alegrías e penalidades da vida diaria. Entre as súas tarefas principais estaban as seguintes:
• O coidado dos nenos, os anciáns e os enfermos.
• Enchían a casa de leña.
• Ocupábanse da casa, do gando e das tarefas agrícolas (recollían algas para o abonado dos campos).


Unha das tarefas efectuadas polas mulleres dos cabaqueiros, era a recollida de algas e outros productos do mar que logo servirían para abona-los campos.
Empapadas de auga e loitando contra as ondas, collían moreas de algas que logo cargaban no paciente cabalo (compañeiro infatigable de duros traballos).
"A recollida de algas polas mulleres, para abona-los campos da aldea"


"A cuadrilla de telleiros"
O pieiro
Era o encargado de amasa-lo barro na pía; labor que facía só ou co cabalo (ás veces, o amasado facíase cos bois).
O tendedor
Era o máis xoven da cuadrilla (de 10 a 15 anos), e sobre el recaía o traballo máis delicado (levaba as tellas dende o banco ata a eira para poñelas a secar -o que requería de gran habilidade e precisión-).
O carretilleiro
Era o encargado de levarlle o barro da pía ó oficial e de transporta-lo material da eira para o pallete.
Os servicieiros
Eran os que axudaban a tódolos demais nos diferentes traballos: acarrexar material (leña, barro, ladrillo, tella), axudar a encañar e desencaña-lo forno...
O oficial
Era o cargo principal da cuadrilla, o técnico encargado de face-lo corpo da tella. A súa rapidez e limpeza no traballo incrementaba a súa fama. Tiña que traballar en perfecta sincronización co tendedor.
O cocedor
Era o encargado de vixia-la cocedura do material no forno.


"O traballo dos nenos" (pifres)
Traballaban na telleira dende temprana idade -nove ou dez anos- (abandonando precipitadamente a escola -no caso de que tiveran o privilexio de coñecela-). Nas interminables xornadas de traballo efectuaban as seguintes tarefas:
• Transportaban -en cestos ou tinas- o barro arrancado das barreiras.
• Tiñan que ordena-la chabola e encargarse do pote ("moreno").
• Limpaban a eira.
• Sumábanse a tódolos traballos urxentes cos que tiñan que enfrentarse os cabaqueiros.
• Eran os "tendedores" (traballo de vital importancia na confección da tella).
Inda por riba, moitas veces, sufrían malos tratos por parte dos adultos.


"A cabana"
Na chabola había unha especie de camastro -de sinxelas táboas- que servía de leito común (o sitio máis significativo era ocupado polo patrón ou polo oficial).
Nun lado calquera colocábase o pote ("moreno") onde facían o sempiterno caldo ("choco"). Tiñan tamén un pequeno forno para face-lo pan, asar carne...
A "jiteira" (artesa na que se gardaban as sobras de comida e a escasa vaixela), colocábase nun recuncho. Os cubertos adoitaban poñerse emparellados polo exterior da artesa (suxeitos cun aramio e suscrito coas iniciais do telleiro).
ZZZZZZ


A fame ("lacén") acampaba con frecuencia nas cabaqueiras; os alimentos adoitaban estar racionados na maior parte das telleiras (ó que unido ó duro traballo deixaba fortes pegadas no corpo dos cabaqueiros).
A cáseque exclusiva comida era o caldo ("choco"), feito no pote ("moreno") a base de: touciño ("burel"), balocas ("patacas"), fabas e garavanzos (zarabetos), verduras ("maravallas) e escasas morcillas e longanizas ("llotas").
Con motivo dalgunha festa lugareña, preparábase algún prato de carne. O peixe só se comía nas telleiras próximas á costa.
O pan ("jito") e o viño ("mouja"), mercábanse nos pobos onde se traballaba.
"A comida -murcideira-
nas cabaqueiras"

# "A preparación do barro"

O barro que estaba amoreado na eira picábase con eixadas, ou dándolle golpes co macico. Logo botábase nas pías engadíndolle auga para amolecelo coa axuda dun cabazo.

O pieiro, só ou coa axuda dun cabalo (nalgúns casos tamén usaban bois) sobaba ben o barro ata que estivese ben amasado.

O barro pisábase dando voltas continuamente nun mesmo sentido, e de vez en cando dábaselle unha volta botándoo das beiras para o medio para conseguir un amasado uniforme.

Nalgúns casos peneirábase previamente e a medida que se amasaba, sacábanse as pedras que levaba polo medio ("cardelines").



Unha vez amasado o barro, o carretilleiro levábao para o medio da eira nunha carreta e amasábase de novo coa axuda do "sabre". Acoitelábase ben o barro dando voltas arredor del ata que quedaba ciscado. Logo volvían a amarealo e repetían de novo o traballo varias veces. Ó barro amasado despois deste proceso chamábanlle a "mudada".






Tradución do texto:
"¡Viva a nosa aldea! ¡Viva o traballo, a comida, as rapazas, o bo viño e os sol da libertade!"
"¡Galicia non é a terra de negros de España! ¡A traballar e a gañar cada traballador na súa terra!

## "O verbo dos cabaqueiros"

Os cabaqueiros eran homes adicados á confección da tella e do ladrillo dun xeito artesanal (a partir de barro mesturado con auga, secado coa calor do sol e cocido no forno).

Para comunicarse tiñan unha fala especial (o verbo dos cabaqueiros ou daordes). Esta fala tiña un vocabulario de miles de palabras (aínda que hoxe está case esquecida). É difícil atopar telleiros que sigan mantendo unha conversación fluida nesta fala (a maioría deles só recordan palabras significativas, frases soltas...).

Este oficio e esta fala era moi característica da zona de A Guardia, O Rosal, Camposancos, Tomiño, Goian...

Escribían textos moi interesantes nesta lingua -mestura de beleza e profunda sabiduría- que merecen un lugar no acervo cultural da Galicia literaria:

- "FOLLECAS DA JALLEIRA" (Cartas da aldea).
- "FOLLECAS DA CABAQUEIRA".

Hai tamén outros oficios que tamén teñen xergas exclusivas:

- Verbo dos arxinas (xerga dos canteiros de Galicia).
- Verbo dos chafoutas (xerga dos albaneis de Galicia).
- Verbo dos bogardeiros (xerga dos cesteiros de Mondariz).
- O barallete (xerga dos paragüeiros e afiadores de Ourense)...



## "O cabalo" (velbo)

Animal inseparable da vida e historia destas xentes.
Na aldea desenrolaba múltiples tarefas:

- Transportaba leña do monte ás casas.
- Carrexaba algas dende as praias ata as fincas.
- Dende a aldea de partida encabezaba o grupo de traballadores arrastrando o carro ("chión") no que os telleiros levaban as súas escasas posesións.

Nas telleiras efectuaba tamén múltiples traballos:

- Acarrear barro.
- Amasar na pía.
- Levar leña ó forno.
- Traer provisións dende a taberna.
- Facer transportes de urxencias cos enfermos.
- Levar os encargos de tella ós pobos próximos.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **CABAQUEIROS.**

## DITOS E RECEITAS:

- Se un neno ou nena tiraba a un tellado un dos seus dentes de leite, tiña asegurado unha boa dentición.
- Para librarse da dor de oídos era recomendable dar voltas arredor da igrexa cunha tella na cabeza.







- Se unha moza tiraba unha pedra ó tellado, tiña asegurado un bo noivado ou casamento.
- Para remediar os problemas de parto, o marido debía ir ó tellado e revirar unha das tellas.







Receita para a inflamación dos peitos:
- Polvos de tella moída.
- Mel.
- Herbas feiticeiras.

(Todo mesturado alivia a inflamación dos peitos).





Receita para sanar unha vaca que sangra:
Se unha vaca sangra, en lugar de dar leite, podemos aplicar o seguinte remedio:
1º) Botamos nunha tella nove cabezas de ortigas e nove grans de sal.
2º) Préndeselle lume e co fume purificador fanse cruces sobre o morro e as ancas de vaca, mentres se recita: "SAL DE SALGAR, ORTIGA DE ORTIGAL, VAITE LONXE CON ESTE MAL".

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **CABAQUEIROS.**

**CANTIGAS:**

MIÑA RICA SANTA TEGRA
DANOS VENTIÑO DE POPA
QUE QUEREMOS IR EMBORA
E TEMO-LA VELA ROTA.






AS TELLAS DO TEU TELLADO
VERTEN AUGA SEN CHOVER;
TAMÉN OS MEUS OLLOS CHORAN
CANDO NON TE PODO VER.




¿DE ONDE VES MARÍA?
VEÑO DO REGUEIRO
DE LAVAR A ROUPA
DO MEU TELLEIREIRO.




ÁBREME A PORTA RAPAZA,
SENÓN ENTRO POLAS TELLAS;
TEÑO UN RAPAZ EMPEZADO
E FÁLTAMENLLE AS ORELLAS.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **CABAQUEIROS.**

INSTRUMENTOS PARA A MANIPULACIÓN DO BARRO.



Sabre:

Servía para acoitala-la morea de barro que traía o carretilleiro da pía e facer a mudada (dándolle o punto de liga conveniente ás pezas que se van a elaborar con ela: tellas, ladrillos...).

Peneira:

Servía para peneira-lo po (terra ou barro seco fino que se extendía no banco e no formal para que o barro non se apegase neles).



Rodo:

Sirve para achanzar e peneira-la eira.

Macico:

Servía para desface-los pañóns de barro antes de botalos a amolecer nas pías.



rodo



macico



eixada



cabazo

Eixada:

Servía para arrancar e cortar en bloques pañóns de barro da morea da eira e botalo nas pías; para sacalo das pías para a carreta...

Cabazo:

Servía para coller e sacar auga de pozos pouco fondos, engadir auga nas pías, retirar auga que se xuntaba nas barreiras...



Carretilla:

Servía para o trasporte do barro e doutros materiais.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **CABAQUEIROS.**

INSTRUMENTOS PARA A ELABORACIÓN DAS TELLAS (CABACAS)




Estrutura de madeira (formada por unha plataforma lixeiramente inclinada de 1,5 m. de longo, de 50 a 60 cm. de ancho e de 80 a 100 cm. de altura), que servía de soporte para enche-los marcos e para confecciona-la tella. Era o lugar de traballo do oficial.

No banco distinguíanse as seguintes partes:

① Polveiro (onde se depositará barro seco que servirá para espolvorea-lo interior da gradilla para evitar que o barro quede pegado ó banco.

② Pía da auga (onde se lava e humedece o raseiro).

③ Pía do baño (recipiente de auga roxiza - mestura de auga e barro - coa que se bruñía a tella despois de raseirada, adquirindo así a súa cor característica).

Marco de madeira ou ferro - de forma trapezoidal - empregado para o desenvolvemento da tella (con diversas medidas segundo o tamaño das tellas que se van a elaborar).







Anaco de madeira de 50 cm. de longo - con cantos lisos e lixeiramente afiados - que se empregaba para nivela-los marcos unha vez cheos, alisar a peza e elimina-lo material sobrante.

Peza troncocónica - de madeira ou ferro - empregada para darlle forma a tella e transportala do banco á eira.



# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **CABAQUEIROS.**

A TELLEIRA. A EIRA e O FORNO

Espacio chan que rodea a telleira. Cunha superficie que variaba de 200 a 800 $m^2$.

Estaba dividida en dúas partes:

- A eira propiamente dita (onde se realizaban os diferentes traballos e se secaba o material.)
- A praza (parte da eira onde se amoreaba a leña)





Elemento central da telleira arredor do cal distribuían o pallete a eira, as pías, as casetas...

Espacio pechada de variado formato que proporcionaba calor para o secado e cocción da tella ou ladrillo.

A maioria deles xa non se conservan.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **CABAQUEIROS.**

A TELLAS e DISTRIBUCIÓN DAS TELLEIRAS.

- Unha "tella" é unha peza de barro cocido, en forma de canal, que se emprega para cubri-los tellados das casas e doutras construccións.
- Na nosa zona a tella curva ("árabe") foi a máis realizada.
- Coa chegada da tella deixan de empregarse as cubertas de palla (célebre, aínda hoxe, no Caurel e no Cebreiro).
- Son abundantes os topónimos que fan referencias á telleira: ("Tella", "Telladó", "Telleira", "Telleiró", "Tellados" "Tellas" "Telle" "Tellada"...)
- As telleiras estaban espalladas por toda a xeografía galega, concentrándose sobre todo nas zonas ricas en materia prima: O Salnés, Salvaterra, A Guarda, o Rosal, Tomiño, as Neves...

**PARTES DUNHA TELLA:**

**1: Frenteira ou frentaleira**

**2: Boquilla**

**3: Clave ou lombo**

**4: Varilla**

**5: Gabilán**







OS CABAQUEIROS
"Os cabaqueiros, en marcha cara a telleira"
"O amo"
(argina, buxa)
"A cabana"
"A comida -murcideira- nas cabaqueiras"
"A cuadrilla de telleiros"
O tendedor
O carretilleiro
O pieiro
Os servicieiros
O oficial
O cocedor
"O traballo das mulleres" (llegas)
"O traballo dos nenos" (pifres)
"O verbo dos cabaqueiros"
OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA
CEP Da CRUZ. Camos. Nigrán.

# OS CABAQUEIROS



1.- O CARRETILLEIRO traballando o barro ata obter o punto de liga conveniente para a confección da TELLA ou CABACA.
O barro así obtido chamábase MUDADA.



2.- O OFICIAL -co barro xa depositado na GRADILLA- dispónse a coller o RASEIRO para eliminar o material sobrante (CAGHALLAS).



3.- O OFICIAL pasando o RASEIRO mentres o TENDEDOR -Cristopher, alumno de 3º- agarda co FORMAL na man.



4.- O OFICIAL pasando o barro da GRADILLA ó FORMAL que lle tende Cristopher, improvisado TENDEDOR.



5.- CABAQUEIRO e TENDEDORA (Ruth, alumna de 3º) depositando a CABACA na eira pronunciando o ritual cabaqueiro:
" MAN DE DENTRO, MAN DO LOMBO, MAN DE FÓRA. INFORME DE FÓRA, INFORME DE DENTRO, CLAVE E AFROUXAR".



6.- A TENDEDORA (Cristina, alumna de 3º) deixando a tella na eira despois de retirar o FORMAL.



7.- TELLAS tendidas e embrazadadas na eira para ser secadas ó Sol.



8.- Cuadrilla de CABAQUEIROS diante do FORNO ou DEBOLEIRA fumegando pola cocción das TELLAS.

# OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA

Colexio Público de Ensino Primario Da Cruz - Camos. Nigrán.

# OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

## POEMAS.



Lostrega na brisa a gaivota,
inxenua, pequena, nerviosa.

Refulxen as ás tan graciosas
brillantes, lucidas, sedosas.

Debuxa no azul unhas notas,
lixeiras, preciosas, donosas.

Gaivota con plumas, sen roupas,
fedella, toliña, fermosa.

¡Ai o mar co seu barco roubado!
¡Ai o mar na súa cunca deitado!
¡Ai o mar!

Vén tatuado nalgún mariñeiro.
Vén coas gaivotas a rir no peteiro.
Vén terra adentro nun puño de sal.

¡Ai o mar, cabaleiro azulado,
nos castelos de escuma gardado!
¡Ai o mar!

¡Que me leve, me leve nas ondas
coas súas mans máis escuras e fondas!
¡Ai o mar, meu amigo!
¡Ai o mar!





Ven aquí, meu mariñeiro,
que te teño que lavar.
Eu ben sei que non é certo,
que ves lavado do mar.



Deixádeme libre,
que quero ir ó mar;
camiño de ida,
non vou regresar.

As ondas me leven
onde haxa un cantar.
do barco dos soños,
serei capitán.

Arroaces mouros
viranme escoitar.
Seguirei da escuma
o louco bailar.

Dos portos que toque,
ninguén saberá.
deixádeme libre,
que quero ir ó mar.



Están moi cansas as barcas
aló no medio do mar.
Semella que están durmindo
e non queren espertar.
O vento está a acariñalas
cos seus dedos pillabáns.
As barcas seguen durmidas
e parecen non notar
os aloumiños e beixos
que o vento lles quere dar.
Dormen as barcas cansadas
aló no medio do mar.

OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# REDES e REDEIRAS.





As redes facíanse con fibras naturais -como algodón ou cánabo-. Na actualidade fanse con fibras artificiais.

As redeiras facían e reparaban as redes empregando agullas feitas de madeira flexible como buxo ou castiñeiro.

As redes levaban cortizas para que aboiasen e chumbos para afundilas.

Para evitar que as redes se estropeasen pola acción da humidade e a salitre, poñíanas a secar nas praias, nos peiraos ou nos secadoiros.











# OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.
# **AS TAREFAS DA CASA.**

As mulleres dos mariñeiros (ademáis de reparar as redes e vender peixe polas vilas) ocupábanse tamén das tarefas da casa






OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# PEIXE FRESCO.






# OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# O PEIXE E BO PARA A SAÚDE.

O peixe é moi bo para a saúde. É tan nutritivo como a carne e moi doado de dixerir. Conteñen principalmente proteínas e vitaminas A, D, B e K. Teñen pouca graxa e a cantidade de glúcidos e hidratos de carbono é tamén moi pequena. son ricos en minerais como fósforo, iodo e selenio.



# OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# **CONSUMO RESPONSABLE.**

As persoas consumidoras debemos facer un consumo responsable:

- Esixindo calidade e frescura.
- Rexeitando espcies en veda ou inmaturos.
- Fixándonos debidamente no etiquetado dos productos de pesca.







Os consumidores debemos
facer un consumo responsable
•Esixindo calidade e frescura.
•Rexeitando especies en veda ou
inmaturos.


Os consumidores debemos
facer un consumo responsable
•Esixindo calidade e frescura.
•Rexeitando especies en veda ou
inmaturos.
•Fixándonos no etiquetado dos
productos.

# OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# A CONSERVACIÓN DO PEIXE.

Na actualidade póñense en conserva unha gran cantidade de peixes e mariscos en distintas preparacións: cocido ou fritido, en aceite, en escabeche...

As conservas máis comúns son as de atún, bonito, sardiña, xarda, xurelo, alcrique, mexillón, berberecho, ameixa, polbo, navalla, lura...




O **afumado** consiste en someter o peixe á acción do fume. Débese utilizar unha madeira que non produza mal olor e non afecte negativamente ó sabor.





O **secado** do peixe faise por métodos naturais –colgándoo de diferentes estructuras ó ar- ou artificiais –en cámaras por onde circula o aire-.

A **salgazón** do peixe pódese facer en seco (botando o sal directamente sobre o peixe) ou introducindoo en salmoira (auga con sal entre 10 e 30 días).




A **conxelación** consiste na conservación dos productos por medio do frío, introducíndoos en cámaras frigoríficas.



OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# <u>ACUICULTURA.</u>



OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# A VENDA DO PEIXE.






OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# HISTORIA DA PESCA.

A explotación do mar en Galicia comenzou na Prehistoria coa recolección de mariscos e moluscos na beira do mar ou nas secas de baixamar. Recollíanse - coas mans e axudándose de pedras talladas en forma de pico - animais que vivían apegados ás pedas, nas fendas das rochas, nas pozas ou lixeiramente enterrados.
Os mariscos e moluscos cocíanse en olas de barro que eles mesmos facían.





Os aparellos e artes de pesca xurdiron da modificación dos instrumentos empregados na caza e na agricultura, as lanzas convertéronse en arpóns, cestos e redes de caza converteronse en nasas e aparellos, os legóns remexeron as areas para desenterrar os mariscos.







O seguinte paso foi a construcción de embarcacións e a introducción de artes e aparellos coas que pescaban róbalos, douradas, muxes, pescadas...
Para pescar usaban arpóns, redes ou canas e liñas.









Os romanos mantiveron un estreito comercio cos castrexos:

- Os barcos traían de Roma: aceite, viño, tecidos, perfumes e ferramentas.
- Logo levaban de Galicia: peixe en salmoira, metais, alfaias...

Para favorecer este tráfico marítimo, os romanos construíron portos e faros. Por exemplo temos a Torre de Hércules na Coruña.





A mediados do século XVIII chegaron a Galicia os primeiros empresarios cataláns facendo da salgazón de sardiñas un bo negocio. Estes industriais introduciron novas artes de pesca que arrasaban o mar, o que ocasionou enfrentamentos cos mariñeiros galegos. No século XIX instaláronse definitivamente en Galicia e fundaron fábricas de conserva que deron emprego a moita xente. Impulsaron tamén a construcción naval.

# OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# **ARTES de PESCA e MARISQUEO.**




artes de arrastre




artes de enmalle




artes de marisqueo




artes de cerco




artes de anzol e liña

OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# EMBARCACIÓNS.



## AS EMBARCACIONS TRADICIONAIS

Construíanse nas carpinterías de ribeira. Os carpinteiros de ribera empregaban madeira dura e resistente (carballo) para a quilla e as cadermas, e madeira flexible (piñeiro) para o forro ou o pao da vela. Primeiro móntase a quilla e sobre ela vanse colocando as cadernas e logo colócase a sobrequilla e os baos sobre os que se coloca a cuberta (piso de taboas que pecha o casco pola parte superior). O pao da vela (mastro) facíase de madeira de piñeiro e a vela con lenzo de liño. Finalmente protexíanse as embarcacións: Metendo estopas nas xuntas, que logo se impermeabilizan con brea (calafateado) e pintando o interior con alcatrán e o exterior cunha mestura de brea, xofre e aceite (carenado).










## A DORNA





As súas liñas, estructura e cualidades mariñeiras fan dela a embarcación máis característica do país. É moi axeitada para navegar a vela. A dorna é de influencia nórdica (parecida os buques vikingos).




.Estaba dedicada á pesca da sardiña con arte de cerco de xareta.
.Aínda que están aparelladas a vela, o máis común era que navegasen a remos (de 8 a 10 por banda).
.Hoxe mantéñense para a práctica deportiva do remo.

.Embarcacións para o manexo da arte da xávega moi extendidas por toda Galicia desapareceron ó se deixar de usar a arte.







Embarcación de tamaño variable e popa cadrada.
Impulsada a remos ou a motor.
Úsase como embarcación auxiliar nos portos.

Embarcacións de proa e popa simétrica ou popa cadrada.
Levan aparello para vela e tamén eran impulsados a remo.
Úsanse para pescar nas proximidades da costa e tamén como embarcacións auxiliares







Embarcacións impulsadas por unha máquina de vapor.
Usábanse para a pesca de pescada, ollomol e sardiña.

De tamaño mediano e simétrica de proa a popa.
Navegaba con gran estabilidade.
Podía desprazarse a remo ou a vela empregándose para a pesca da sardiña.



OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# O PORTO.






# Oficios mariñeiros. Visitas de Paco. Saída a Panxón e Monteferro.

Saúdos a todos e a todas. Queremósvos contar un acontecemento especial. Uns dos mellores días no colexio.

Imosvos falar de Paco. Preguntarédesnos: ¿Quen é Paco?.

Paco é mariñeiro e ademáis o pai de Aroa, e como estamos traballando os oficios do mar aproveitamos para falarvos del.





A primeira visita que nos fixo ó colexio neste curso foi cando nos trouxo unha gamela e algúns elementos do seu oficio. Despóis, xa en clase, contounos algunhas historias sobre o mar e contestou a moitas preguntas. Esa foi a primeira barca que chegou ó colexio.

Naquela visita aprendemos xa bastantes cousas.

Na segunda fomos en autobús ata Panxón para visitar o porto e a lonxa. Alí, no peirao, vimos como





traballaban catro mariñeiros que estaban limpando os trasmallos, que son redes de tres partes: dúas albitanas e un pano.





Con estas redes cóllense varios tipos de peixe: raias, nécoras, chocos, ganecas, unha estrela de mar e un santiaguiño que devolvemos ó mar.









Máis tarde fomos a Monteferro e alí comemos os bocatas. De postre Rosana, a nai de Sabela, invitounos a fresas con nata.



Camiñando despois con Paco e con Lis o pai de Sabela, chegamos a un sitio donde o que se vía perfectamente o mar e un barco largando nasas.



E para rematar estivemos vendo os petroglifos de Monteferro: muiños, pés descalzos e coviñas.

Esta foi a visita que fixemos os nenos e as nenas de 1º, 2º, 3º.

Na terceira visita Paco nos trouxo ó colexio un pulbo vivo para que puidésemos velo e tocalo. Gustounos moito, aprendemos moito e pasámolo moi ben.



Foron días estupendos.

Moitas gracias Paco. Maitas gracias Lis.

Ainhoa, Aroa, Melody e Sheila, (2º curso)

OS OFICIOS MARIÑEIROS TRADICIONAIS.

# A CONTAMINACIÓN MARIÑA.

Un dos retos ós que temos que facer frente na actualidade, é tomar medidas que eviten o esgotamento dos recursos mariños e que impidan que o mar se convirta nun lugar pouco apto para a vida.

Os principais contaminantes do mar son as augas residuais industriais e urbanas, os vertidos directos, o efecto dos vertedeoiros sen control situados á beira do mar, e por suposto os accidentes de buques petroleiros que provocan marés negras que causan:

- Graves prexuízos ecolóxicos no entorno (os peixes fuxen ou morren por intoxicación; os mamíferos mariños perden a capacidade illante da pel e teñen dificultades para respirar; as especies sedentarias –percebes, mexillóns, ostras, lapas...- morren por intoxicación e asfixia; as aves perden a capacidade de illamento das prumas e morren de frío e de fame ou intoxicadas; os organismos microscópicos imprégnanse e morren, ou transmiten os tóxicos ó resto da cadea alimentaria...).

Prexuízo económicos ás persoas que viven da explotación e o aproveitamento dos recursos mariños.





Un petroleiro chamado "Prestige"
nas costas galegas naufragou,
e todo o seu fuel
polo noso mar derramou.





¡Que amargura sentimos
tódolos galegos,
cando a paisaxe que amamos
tan contaminada vemos!





Os mariñeiros desesperados,
do mar, coas súas propias mans,
chapapote sacarán,
para que nun futuro
non lles falte o pan.







Miles de voluntarios
de todas partes chegaron,
a limpa-las nosas costas
traballando sen descanso:
¡amigos solidarios,
ós que lle debemos tanto!






Os nenos e nenas do Val Miñor
tamén expresamos a nosa dor,
a Baiona fomos en manifestación,
pedindo que o noso mar,
recuperase a súa cor.






Unha catástrofe coma esta,
NUNCA MAIS deberá ocurrir,
é algo que os galegos
non podemos consentir.



# OFICIOS MARIÑEIROS


















# OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA

Colexio Público de Ensino Primario Da Cruz - Camos. Nigrán.


OFICIOS MARIÑEIROS
As mulleres dos mariñeiros
Construcción e conservación dos aparellos
A casa mariñeira
O oficio de mariñeiro
A tripulación. Os perigos do mar.
O marisqueo
Aparellos de arrastre
Artes de enmalle
Artes de cerco
OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA
Colexio Público de Ensino Primario Da Cruz - Camos. Nigrán.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **AFIADORES.**

FASES DO PROCESO DE APRENDIZAXE:



**1ª Fase:** Periodo de incorporación ó equipo ou "naceiro" –mestre- que acompaña. Os aprendices solicitaban polas casas comida, aloxamento e utensilios para arranxar; tamén observaban como se poñían en práctica as técnicas e habilidades da especialidade.

**2ª Fase:** Periodo no que os aprendices vanse introducindo en técnicas cada vez máis complexas de recomposición de todo tipo de obxectos proporcionados polos clientes.



**3ª Fase:** Se o mestre confiaba no seu "mutilo" –aprendiz- e o consideraba suficientemente adestrado, ou se tiña pensado retirarse, ofrecíalle ó mutilo o segredo do seu oficio e o selo distintivo da súa habilidade, iniciando así a súa propia andaina.

O afiador é un auténtico profesional que para a preparación de certos obxectos se lle esixe unha habilidade propia de expertos. Trátase dun estilo, ritmo, acenos e habilidades centenarias transmisoras dunha memoria colectiva e dunha identidade profesional que superou os anos escuros do pasado e do presente.

Un traballo ben feito é a mellor fórmula para reter unha imprescindible clientela que faga rendible o oficio. Cando esto se consigue, non debemos reparar en calificar a actividade coma unha verdadeira arte.



Os cidadáns e a tradición oral conciben os afiadores como seres libres, sen ataduras, coma personaxes aventureiros e pintorescos que percorren os camiños poerentos e os pobos máis alonxados do mundo (aínda que nunhas condicións de traballo pouco atraíntes).

A súa imaxe desaliñada e sucia –polas condicións en que se desenvolvía o seu traballo- a súa forma de vida e o seu habitual analfabetismo, fai que se considere ós afiadores como parte do colectivo dos "desclasados" (con igual consideración que os mendigos, xitanos e demais profesións da ambulancia): "AFIADOR ANDAREIRO QUE CORRE-LA TERRA TODA, NON PARES NA MIÑA PORTA QUE NON QUERO HOME DE RODA".

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **AFIADORES.**

Modo de vida.




A situación de pobreza que vivían nas súas aldeas e nas súas familias (poucas terras onde traballar e moitas bocas que alimentar), obrigaba ós xoves –xa dende os doce anos- a emigrar como aprendices de afiador ou practicando calquera outro oficio que lles permitise gañar o pan.

Cando lles chegaba a hora de marchar polo mundo, a maioría deles eran prácticamente analfabetos (ían pouco a escola porque tiñan que atender as tarefas agrícolas e porque os labregos pensaban que ler e escribir eran cousas que aprendían os ricos porque non tiñan outra cousa que facer).




Eran os varóns das xeracións maiores (pais, avós, tíos, amigos...) os encargados de que os aprendices ("mutilos") adquirisen a técnica e segredos do oficio ("naceiros").

A célula profesional básica aparece constituída por un afiador experimentado e un ou dos aprendices.

As xornadas laborais eran moi longas, tiñan que recorrer a pé tódolos camiños da zona, e traballar á intemperie; gañaban pouco, e como querían aforrar para mellorar a súa vida na "chaira", tiñan que pedir aloxamento e comida polas casas.

Botaban moito de menos a súa terra e a súa familia, por iso procurabamos voltar a casa en canto lles era posible.



# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **AFIADORES.**

## O BARALLETE

O barallete é unha xerga falada polos afiadores, un código secreto de expresión e comunicación, o verdadeiro referente identificativo do oficio.

Era o principal mecanismo de defensa e de ataque do que dispuña o colectivo de afiadores ante a sociedade; era unha barreira protectora dos seus membros fronte todo o alleo:

**"... FALABÁMOLO PARA QUE NON NOS ENTENDESEN OS PAISANOS, PERO SÓ ENTRE NÓS..."**

Evidentemente besta xerga estaba destinada a non ser comprendida pola xente allea á especialidade. O verdadeiro ámbito de uso do barallete era o espacio profesional (na chaira natal aparece coma un feito ocasional e limitado a palabras soltas nas conversas mantidas coa familia ou na taberna)

Nos enclaves xeográficos onde máis predominaron os protagonistas deste oficio, un bo número de falantes da xerga a seuen conservando na súa memoria.












# OS AFIADORES. Utensilios que recompoñían.

A principal preocupación dos afiadores era facerse con suficientes utensilios de coitelería que recompoñer, moitos deles non rexeitaban nada do ofrecido polos clientes:



# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **AFIADORES.**

O oficio de afiadr

O afiador ambulante galego pode ser considerado coma un modesto artesán que chega arrastrando ante si unha armazón de made provista dunha roda, unhas pedras de afiar, unha zafra e un caixón con algunhas ferramentas para afiar os defectos de corte e recompo diversos útiles domésticos que presentan os clientes ocasionais.




Os afiadores sentían un gran aprecio pola roda que mercaran ou herdaran (compañeira de traballo e penalidades) adoitando poñerlles o seu selo persoal incorporándolle aparellos ou tamén placas de matrículas das distintas cidades nas que traballaran.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **AFIADORES.**

Distribución xeográfica do oficio.




Os afiadores galegos e a poboación galega en xeral, defenden a orixe galega desta profesión, considerando a provincia de Ourense como o berce dos afiadores (seguida moi de lonxe de A Coruña e Pontevedra).





-Os afiadores ambulantes galegos procuraron exercer o seu oficio en lugares onde non tivesen dificultades co idioma. Coa roda ó lombo, ou camiñando tras ela de comarca en comarca e de cidade en cidade, percorrerán a península (de Ourense a Portugal, Castela, Asturias, Santander, País Vasco, Cataluña.....).
Buscarán támén traballo ó outro lado do Atlántico: Brasil, Cuba, Méjico, Venezuela e sobre todo Buenos Aires. Chegarán incluso a África (Arxeria, Mozambique, Guinea...) e a afastados lugares de Asia.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **AFIADORES.**

Elementos da roda de afiar

- A roda de afiar faise de madeira de nogueira ( dura e lixeira ). A roda non debe ser branda ( para resistir a intemperie ) nin pesada ( para facilitar o seu transporte).
- Cando a roda non traballa, quítaselle a correa, cóllese polas patas traseiras e bótase cara adiante poñendo a roda no chan (convertíndo así nun vehículo lixeiro e doado de levar ).




- Componse dunha armazón de madeira que leva unha roda (volante) de 12 a 16 radios - de un metro de diámetro - que se pon en movemento por medio dun pedal articulado ó eixo da roda ó través dunha vara.
- O movemento desta roda pasa ( ó través dunha correa) a outra roda pequena que vai na parte superior do aparello que fai xirar un eixo ( ferro) no que van a pedra de afiar e o esmeril.
- Ademáis a roda leva uns caixonciños para gardar as ferramentas, trapos para limpar as rodas, pezas de reposto para arranxar os paraugas ou mesmo os bocadillos do afiador.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **AFIADORES.**

Variantes da roda clásica.




Hai variantes da "roda clásica" para adaptar o instrumento de traballo ás necesidades específicas do profesional solicitante (variantes que non afectan a súa estructura):

- Volantes con máis ou menos radios.
- Armazóns máis ou menos robustos.
- Con máis ou menos caixóns adosados.
- Con armazón desmontable (para levalas á emigración)...

A partir de 1930 - 1940 os afiadores ambulantes máis innovad iniciaron a instalación de esmerís e pulidores en bicicletas e m tocicletas.





Chegando incluso a instalar un pequeno taller de afiado no interior de furgonetas que permiten un traballo cómodo e rápidos desprazamentos



# OS OFICIOS TRADICIONAIS. **AFIADORES.**

Equipaxe e pregón.



O afiador foi sempre austero nos seus habitos cotiás e na súa forma de vestir. O vestiario do afiador apenas se diferencia do de calquera labrador. A vestimenta para toda a tempada de traballo podía consistir nuns zapatos ou botas de media cana, pantalóns de liño e logo de pana, camisa, chaleco ou xersei de la e unha americana – no inverno adoitaban levar unha zamarra –. A cabeza cubríana cunha boina. Este escaso vestiario protexíase cun gardapó grisáceo.

- ¡AFILADOR, PARAGÜERO! ¡EL AFILADOR!
- ¡EL AFILADOR! ¡AFILA TIJERAS Y NAVAJAS!
- ¡EL AFILADOR! ¡AFILA CUCHILLOS Y NAVAJAS!

(A parte recitada era en castelán por ser a lingua da clientela)





O pregón do afiador era unha frase curta que se cantaba cunha cantin característica (que ía precedida e seguida do toque do "pito" ou "chifre") coa fina dade de anunciar a súa presencia. O chifre estaba feito de madeira de buxo e tiña un asp parecido a unha frauta de pan, adoitando rematar en forma de cabeza de cabalo; levaba uns buz calibrados de xeito que producían os curiosos sons do pregón do afiador. Ás veces o chifre podía se sustituído por outro procedemento acústico estridente producido ó rozar a folla dunha gadaña coa a lámina de ferro do volante.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA.

# O LIÑO.

Tradicionalmente a humanidade usou para a elaboración dos artigos téxtiles unha variedade de materiais moi ampla adaptándose ós recursos e necesidades de cada momento e zona. Atopamos fibras obtidas a partir de iute, pelo de camelo, cabalo, cabra ou castor, xunco, ortiga, folla de palmeira, pita, vimbio, corteza de carballo, xesta ou castiñeiro.

Na Península, as materias máis utilizadas foron a la, o liño, o cánabo, a seda, o esparto e o algodón, presentando distintas distribucións e momentos dentro da evolución téxtil.







No que atinxe a Galicia, os catro primeiros son os utilizados na tecedurÍa tradicional.

La, liño e cánabo coñécense dende tempos inmemoriais.

O liño é unha pranta herbácea da familia das liñáceas, da que se coñecen preto dun centenar de especies, tanto silvestres como domésticas.

Os primeiros achádegos arqueolóxicos desta planta pertencen ó Neolítico, aparecendo sementes tanto en poboados de Oriente Próximo e Medio como en Europa.

Alumnado de 5º.

## OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA. O LIÑO.












# OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA. O LIÑO.


O LIÑO....

Unha vez mazado enféixase e empózase outra vez entre 4 e 8 días.
Sécase, espállase, enxúgase e vólvese a enfeixar. Os feixes chamados tamén augadoiras están formados por 24 mazas ou mans. Estas mazas son as que se van a espadelar. Esta tarefa ten lugar nos últimos meses do ano.
O espadeleiro e maila espadela son os instrumentos para levar a cabo esta labor. Ponse o liño enriba do espadeleiro e mázase coa espadela. Cando se fai en grupo chámase espadelada, así abrandan e despréndense as fibras defectuosas.



- V -


O LIÑO...

O seguinte paso é o asedado. A materia boa táscase ou asédase no restrelo ou pente de asedar (unha especie de cepillo con cravos de punta moi fina, que se pon nun banco, cara arriba; crávanse os feixes de liño e dáselle un forte tirón cara un; o que queda nos dentes - tascos e fibras - forma a estopa).
Con ela podemos tapa-los billotes das cubas facelos tacos ós rapaces para os seus cichotes...
Logo de asedadas, todas e cada unha das estrigas, tórcense e doméanse á metade e así quedan feitas as manelas. Un feixe de manelas chámase meada.



-VI-


O LIÑO...

As MANELAS ou MEADAS de liño xa están preparadas para empezar a fiar.

Vinte nascer miudiño,
vinte mozo namorar,
vinte morrer de velliño
e por serche fiel, liño,
inda te vin enterrar.

"O FIADO"

Agora pásase ó fiado que consiste en colocar a meada na roca e vaise tirando pouco a pouco para ir formando o fío que logo se torce e se enrola no fuso.
Da estopa fanse as manelas e do liño as estrigas.
Hai infinidade de variedades de fusos e rocas.
Cada rexión onde se traballaba o liño adoitou unha ou outra forma.

-VII-


O LIÑO...

Para fialo liño necesítanse unha roca e un fuso.



-VIII-

OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA. **O LIÑO.**



O LIÑO...

Ó tempo que se fía ponse en MAZAROCAS (cantidade de liño que se envolve arredor do fuso) e logo, cando a mazaroca é grande, pasámola ó sarillo.

O ENSARILLADO

O sarillo é un trebello de madeira, en forma de cruz, que se move ó redor dun eixo. No sarillo vanse enrollando os fíos para facer as meadas. Despois as meadas lávanse, e cócense en cinsa e xabón para que branqueen ben. Póñense ó sol para que rematen de branquear..

Sarillo ou argadello

Sementa o home o liño, que a muller o traballa no sarillo

-IX-



O LIÑO...

AS DEBANDOIRAS

Cando as meadas de liño están ben limpas e claras van á DEBANDOIRA onde se obteñen os novelos de liño segundo aquela vai xirando.
As debandoiras teñen as mesmas características e partes que o sarillo (a única diferencia é que as aspas en lugar de ter unha disposición vertical son horizontais). A súa función era a de desface-las madeixas e facer novelos.
As semellanzas entre o sarillo e a debandoira deo lugar a que nalgúns sitios fixesen coas dúas pezas unha soa colocando un eixe que permitira situa-las aspas tanto en posición vertical como horizontal.

Sarillo

Debandoira

Debandoira.

-X-



O LIÑO...

O urdimento.

O fío destinado para tecer pásase pola urdideira.
Este traballo faise baixo a orientación dunha muller que teña pericia nisto, normalmente unha tecedeira de oficio. Logo de urdilo sácase o fío e faise unha cadea. Xa armada a cadea pásase o fío ó tear para proceder á construcción do tecido.

Urdideira fixa.

Urdideira, espalladeira e barcal.

-XI-



O LIÑO...

O TEAR

- Mentras teña o meu tear,
- camisa non me ha de faltar.

No tear técese o liño, a lá e tamén o algodón, aínda que neste caso o tear que nos ocupa é o do liño. Hai dous tipos: o de chave e o de roda. O mecanismo é sinxelo: Un armazón de catro pés xunguidos por travesas onde repousan os canelleiros: un sostén o peite e outro os lizos. Do tear sairá a tea ou peza de lenzo que logo se corta según se precise e despois se cose para facer roupa.

-XII-


O LIÑO
OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA
Colexio Público de Ensino Primario Da Cruz - Camos, Nigrán.

# OS OFICIOS TRADICIONAIS. <u>**OS OLEIROS.**</u>





O oficio dos oleiros consiste en facer, con barro, olas e vasillas diversas (xerr cuncas, pratos, tarteiras...).

Normalmente, o propio oleiro realizaba todo o proceso productivo (dende a extracción c barro na barreira ata a venda das pezas nas feiras).

O oleiro tiña o seu obradoiro ó pé da casa ou na mesma cociña, tendo sempre o forno proximidade.

O proceso de elaboración das pezas era o seguinte:

- Os terróns de barro extraídos da barreira había que desfacelos –na pía- co pisón; l había que cribalo –quitándolle as areas e pedriñas- para evitar que saisen obxec defectuosos.






- Logo de peneirado amasábase con auga ata obter a consistencia desexada; l extendíase e collíanse as porcións axeitadas para modelar no torno.
- Xa feitos os cacharros poñíanse a secar ó sol ou en alzadoiras especiais feitas a ca da lareira.
- Cando o oleiro tiña moitas vasillas feitas e secas levábaas a cocer no forno (onde ti que permanecer 24 horas). Había que ter moito coidado coa temperatura do forno, que se sobía moi rápido podían esnaquizar as pezas.
- Despois de cocidas as pezas dábaselle o vidrado (recubrindo o seu interior cu solución de chumbo). Logo había que metelas de novo no forno.

A venda de cacharros facía o propio oleiro. Cargaba a súa producción nas bestas e ía pc pobos –ou polas feiras- vendendo a súa mercadoría.






OS OLEIROS
O barro extraido dexase en moreas ata que o oleiro o necesite. Entón vaise buscar e carrexase co carro e lévase para a casa onde ten o obradoiro o oleiro
Cando o oleiro fai obras totalmente pechadas, como son os porrolos, quentadores, petos ... fanse dúas pezas e o rematalas, vanse pegando. Para pegalas dúas partes, vanse xuntando os bordes ata que pechen.
As obras de fantasía fanse totalmente a man por medio de churros ou planchas.
Xa feitos os cacharros, póñense a secar ó sol ou en abzadeiros especiáis feitos a carón da lareira
Unha vez cocidas as pezas de barro, sacanse do forno e dáselle o vidrado.
O vidrado consiste nunha solución de chumbo que vai botando no interior das vasillas, as que dá voltas para que mollen todo o interior.
Algunhas vasillas en vez de vidrado son cubertas cun engobe.
Unha vez rematada esta operación os cacharros volven outra vez o forno donde lle dan unha cocción semellante á primeira.
A venda destes cacharros facía o mesmo oleiro.
Cargaba as súas obras nas bestas e ía polos pobos vendendo a súa mercadoría ou a determinadas feiras.
OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA
Colexio Público de Ensino Primario Da Cruz - Camos. Nigrán.


OS OLEIROS
OFICIOS TRADICIONAIS EN GALICIA
Colexio Público de Ensino Primario Da Cruz - Camos. Nigrán.